



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

---

## **ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO**

**Lugar:** casa do concello

**Día:** 17 de setembro de 2015

**Hora de comezo:** 14.15 h

**Hora de remate:** 15.00 h

### **ASISTENTES:**

Don Ovidio Rodeiro Tato

Don Manuel Fernández Munín

Dona M<sup>a</sup> Carmen Botana Cebeiro

Don Jesús Sanjuás Mera

### **AUSENTES:**

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos polo secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DIA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Pagamento a mozos/as beneficiarios do programa “deseñando o teu futuro”**
- 3. Retirada de licenzas para a instalación de postos de venda ambulante na feira-mercado de Lestedo**
- 4. Aprobar a organización e bases da IV Ruta das Tapas Boqueixón 2015**
- 5. Aboamento costas xudiciais**
- 6. Prórroga contrato do servizo de impartición de clases de inglés**
- 7. Aprobación de certificación de obras**
- 8. Concesión axuda de emerxencia social**
- 9. Dar conta da relación de persoas incluídas/excluídas do Programa de alimentos**
- 10. Concesión de axuda para material escolar**
- 11. Aprobación facturas**
- 12. Aprobación bases e prezos públicos das actividades incluídas na xanela de outono 2015**
- 13. Xustificación contratación socorrista, tempada 2015**
- 14. Recoñecemento de trienios**
- 15. Arquivo expediente de limpeza da parcela número 84, lugar de Donas**

16. Inicio execución subsidiaria de limpeza nas leiras número 501 e 503, polígono 47, do lugar de Rebordaos
17. Requirimento de documentación en relación co recurso de reposición presentado por don Jesús xxxxx
18. Aprobación bases da 3ª edición do concurso de fotografía “Paisaxes de Boqueixón”
19. Rogos e preguntas

## DELIBERACIÓNS

### 1. - Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión da Xunta de Goberno que tivo lugar o día 3 de setembro do 2015

### 2. Pagamento a mozos/as beneficiarios do programa “deseñando o teu futuro”

Con data do 11 de maio de 2015, e con rexistro de entrada na Xunta de Galicia núm. 2015/128585, presentouse no rexistro telemático solicitude do programa Deseñando o teu futuro regulado pola orde do 27 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases do programa Deseñando o teu futuro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.

Con data do 09 de xullo de 2015, a OMIX Boqueixón a través do seu correo electrónico teufuturo.ctb@xunta.es recibe comunicación da resolución da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado do 8 de xullo dos beneficiarios do Programa Deseñando o teu futuro (podendo consultar a lista definitiva da mesma na páxina <http://xuventude.xunta.es/>), polo que se concede unha axuda económica por importe 5.700 euros, destinados a cubrir os conceptos establecidos no artigo 5 da orde de convocatoria.

Por Decreto de alcaldía do 16 de xullo de 2015 foi aceptada a axuda concedida para o proxecto así como solicitado o pagamento de anticipado do gasto segundo o artigo 16.2 da orde de convocatoria.

Con data do 21 de xullo comezaron a realizar as prácticas os mozos e mozas nas empresas de acollida, tal e como se indica na táboa que adxunta.

Nome e apelidos mozo/a	NIF	Empresa de acollida	Núm conta bancaria	Datas de realización da estadía-visita	Días	Importe da axuda	Total (6€ persoa/día)
Lxxxxx	xxxxx	Farmacia de O Forte	xxxxx	27/07/2015 ó 14/08/2015	15	6 euros	90 euros
Txxxxx	xxxxx	Farmacia de O Forte	xxxxx	03/08/2015 ó 14/08/2015	5	6 euros	30 euros
Axxxxx	xxxxx	Talleres A Silveira	xxxxx	03/08/2015 ó 21/08/2015	15	6 euros	90 euros
Rxxxxx	xxxxx	Compostela digital	xxxxx	03/08/2015 ó 21/08/2015	15	6 euros	90 euros
Dxxxxx	xxxxx	Estudio técnico Gallego, SA	xxxxx	10/08/2015 ó 19/08/2015	8	6 euros	48 euros
Axxxxx	xxxxx	Estudio Técnico Gallego, SA	xxxxx	10/08/2015 ó 21/08/2015	10	6 euros	60 euros
Nxxxxx	xxxxx	PAC veterinario SLP.	xxxxx	03/08/2015 ó 21/08/2015	15	6 euros	90 euros

Axxxxx	xxxxx	Clínica dental Lamela	xxxxx	03/08/2015 ó 07/08/2015	5	6 euros	30 euros
Pxxxxx	xxxxx	Clínica dental Lamela y Rey	xxxxx	03/08/2015 ó 07/08/2015	5	6 euros	30 euros
Cxxxxx	xxxxx	Aquafit Gestión, SL	xxxxx	17/08/2015 ó 31/08/2015	11	6 euros	66 euros
<b>Total axuda</b>							<b>624 euros</b>

Polo todo isto, a Xunta a Goberno acorda:

-Realizar o pago das bolsas ós/ás mozos e mozas beneficiarios/as que finalizaron as estadias-visitas nas empresas de acollida durante o mes de agosto de 2015.

-Dar traslado deste acordo ó departamento de Tesourería os efectos oportunos.

### 3. Retirada de licenzas para a instalación de postos de venda ambulante na feira-mercado de Lestedo

Por decreto de alcaldía de data 28 de agosto de 2015, iniciáronse os trámites para a retirada de licenzas dos postos da feira- mercado de Lestedo e resolveuse comunicar:

“1.- Ós feirantes incluídos no seguinte listado, que de non montar o seu posto ambulante na feira de Lestedo o vindeiro 6 de setembro, serán 4 días consecutivos de feira sen instalar o posto, de xeito que estarán incumprindo a ordenanza reguladora da expedición do carné para a venda nos mercados- feiras de Boqueixón.

Nº posto: 7. Titular autorizado: Delfina xxxxx

Nº posto: 9. Titular autorizado: Naranjas y Limones Santiago, S.L.

Nº posto: 13. Titular autorizado: Julio xxxxx

Nº posto: 41. Titular autorizado: Josue xxxxx

Nº posto: 45. Titular autorizado: José Manuel xxxxx

Nº posto: 55. Titular autorizado: Eudosia xxxxx

Nº posto: 67. Titular autorizado: Juan Gregorio xxxxx

Nº posto: 68. Titular autorizado: Jaouad xxxxx

Nº posto: 70. Titular autorizado: M<sup>a</sup> Carmen xxxxx

Nº posto: 73. Titular autorizado: Vanesa xxxxx

Nº posto: 74A. Titular autorizado: Sobrino Moreiras, S.L.

Nº posto: 75. Titular autorizado: Julio xxxxx

2.- Que en caso de non montar o posto por cuarto día consecutivo, ós feirantes citados deberán **xustificar as súas ausencias** ou **procederese á retirada da autorización** e prohibición de poder optar a ter unha nova autorización ata transcorrido 1 ano, tal e como se recolle no artigo 21 da ordenanza. Consecuentemente, no caso de non xustificar a ausencia ou non montar o posto o vindeiro 6 de setembro, iniciáranse os trámites para a adxudicación de novas autorizacións para os requeridos postos segundo a orde das solicitudes recollidas na listaxe de espera”.

Con data do 8 de setembro de 2015, dáselle entrada no rexistro deste concello con número 15/1741 á comunicación de don José Manuel xxxxx autorizado co posto número 45 na feira de Lestedo, na que explica que cesou a súa actividade laboral por xubilación.

Con data do 11 de setembro de 2015, dásele entrada no rexistro deste concello con número 15/1758 á comunicación de dona Delfina xxxxx autorizada co posto número 7 na feira de Lestedo, na que explica que cesou a súa actividade laboral por xubilación.

Con respecto ós titulares Juan Gregorio xxxxx e Vanesa xxxxx, non foi posible facer a comunicación posto que o servizo de correos devolveu as notificacións por domicilio desconocido. Por este motivo, cos citados titulares seguirase outro trámite de publicación no BOE en cumprimento do establecido no artigo 59.5 da Lei 30/92, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Feitas as comprobacións oportunas polo responsable encargado da supervisión do cumprimento das normas por parte dos feirantes, éste informa que os feirantes citados no anterior listado, interrompiron a súa actividade e non montaron o posto de venda ambulante o 6 de setembro, contabilizando 4 ausencias consecutivas na feira- mercado de Lestedo.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Dar de baixa as licenzas de don José Manuel xxxxx e de dona Delfina xxxxx por xubilación dos titulares.

2.- Retirar as licenzas e prohibir poder obter unha nova autorización ata transcorrido 1 ano, ós seguintes feirantes:

Nº posto: 9. Titular autorizado: Naranjas y Limones Santiago, S.L.

Nº posto: 13. Titular autorizado: Julio xxxxx

Nº posto: 41. Titular autorizado: Josue xxxxx

Nº posto 55. Titular autorizado: Eudosia xxxxx

Nº posto 68. Titular autorizado: Jaouad xxxxx

Nº posto: 70. Titular autorizado: M<sup>a</sup> Carmen xxxxx

Nº posto: 74A. Titular autorizado: Sobrino Moreiras, S.L.

Nº posto: 75. Titular autorizado: Julio xxxxx

3.- Dar traslado deste acordo a don José Manuel xxxxx e dona Delfina xxxxx os efectos oportunos.

4.- Dar traslado deste acordo ós citados anteriormente no punto 2, para que no prazo de 10 días aleguen o que estimen oportuno ou xustifiquen as súas ausencias

#### **4. Aprobar a organización e bases da IV Ruta das Tapas Boqueixón 2015**

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, das bases do réxime local establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal. Por outra parte, o artigo 25.2 m) da mesma norma outorga competencias ós concellos en materia de cultura e de ocupación do tempo libre.

O Concello de Boqueixón leva a cabo diversas accións de potenciación do tecido empresarial, e en concreto, a actividade da “Ruta de Tapas de Boqueixón” é un proxecto de promoción do sector hosteleiro de municipio, unha acción cun obxectivo de desenvolvemento local e de impulso ó turismo gastronómico. Tendo constancia do éxito de participantes acadado na anterior edición desta actividade, a Xunta de Goberno acorda:

**1.-** Aprobar a organización do “IV Ruta de Tapas de Boqueixón 2015” nos seguintes termos:

\*Calendario da ruta: 1 - 8 de novembro de 2015.

\*Horario: 12:00h.- 15:00h. e de 20:00h.- 22:30h.

\*O prezo que os hosteleiros participantes fixan para o cobro de cada tapa que entra no concurso: 1,50 €

\*Os hosteleiros que queiran participar na ruta deben cubrir e asinar a ficha de inscrición entre 18 e o 30 de setembro de 2015 no Dpto. de Emprego e Formación na casa do concello.

**2.-** Aprobar as bases do Concurso da “Mellor Tapa de Boqueixón 2015” coas seguintes normas:

a) No “Concurso á Mellor Tapa de Boqueixón” concursan os establecementos hosteleiros de Boqueixón que presentarán as súas tapas habendo un xurado popular, formado polos clientes que degusten as tapas, os que votarán e elixirán á “Mellor Tapa de Boqueixón”.

b) Cada establecemento hosteleiro poderá presentar 3 tapas como máximo ó concurso no calendario e horario establecido.

b) O material publicitario e informativo inclúe carteis publicitarios da ruta e trípticos de participación para a votación á mellor tapa.

c) O Concello de Boqueixón e os establecementos darán visibilidade ó material informativo e publicitario sobre a ruta das tapas, facilitando así ós clientes a participación no concurso e a realización da ruta.

d) Os trípticos repartidos por todos os establecementos hosteleiros inclúen un apartado para datos persoais dos clientes participantes e outro apartado para os selos dos establecementos e para a votación á mellor tapa.

e) A degustación de unha tapa dá dereito a un selo do establecemento no que se degustou. Se o establecemento participa con máis de unha tapa no concurso, a degustación de unha das tapas dá dereito ó selo, non é preciso selar por cada unha das tapas que ofrece.

f) Unha vez cuberto todo o tríptico con todos os selos dos establecementos participantes, o cliente indicará no mesmo tríptico, cal é a tapa gañadora no espazo indicado para este fin. É imprescindible que o cliente cubra tamén, os seus datos persoais e sinatura no mesmo tríptico para darlle validez.

g) Cada hosteleiro disporá no seu establecemento dunha urna para as votacións dos clientes. As urnas deben estar ubicadas en lugar visible, pechadas e identificadas para o seu fin.

h) Unha vez rematado o calendario da ruta, reuniranse todas as urnas e sacaranse os trípticos de participación. Os técnicos do concello revisarán o bo estado e veracidade dos mesmos, posto que se algún tríptico está mal cuberto, incompleto, roto, hai cuños falsos ou con riscaduras, etc retirárase do concurso.

i) Entre todos os trípticos válidos contaránse os votos e a tapa máis votada será a gañadora: “1ª clasificada como Mellor Tapa de Boqueixón 2015”. A segunda tapa máis votada quedará como “2ª clasificada no Concurso da Mellor Tapa de Boqueixón 2015” e a terceira tapa máis votada quedará como “3ª clasificada no Concurso da Mellor Tapa de

Boqueixón 2015”. Os establecementos gañadores conseguirán difusión dos locais mediante notas de prensa, promoción na páx. web e o diploma de recoñecemento.

j) Por outra banda, todos os trípticos válidos dos clientes serán introducidos nunha urna e realizarase un sorteo dun premio que consiste nunha comida ou cea, por importe máximo de 120€, a escoller entre os locais de Boqueixón. Os titulares dos establecementos inscritos participarán no “Concurso da Mellor Tapa de Boqueixón 2015” pero non poderán participar neste sorteo que está dirixido a clientes.

**3.-** O Concello de Boqueixón realizará as seguintes aportacións:

- Colaboración na organización.
- Difusión da campaña (páx. web, notas de prensa, radio, presentación oficial para prensa, material divulgativo e de participación).
- Financiación da cartelería e trípticos de participación.
- Premio dunha comida ou cea, por importe máximo de 120€, a escoller entre os locais de Boqueixón.

**4.-** Os establecementos hosteleiros participantes realizarán as seguintes aportacións:

- Colaboración coa organización e no bo desenvolvemento da actividade.
- Difusión nos seus locais do material divulgativo e de participación.
- Urnas para as votacións.

**5.-** Dispór da asignación orzamentaria para facer fronte á aportación municipal.

**6.-** Publicar ditas bases no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do concello.

## **5. Aboamento costas xudiciais**

Con data 28 de outubro de 2010, don José María xxxxx presenta demanda de xuízo ordinario contra don José xxxxx e o concello de Boqueixón, na que solicita sentenza estimatoria declarando:

*“1º.- Que o camiño público que separa as fincas números 62 e 63 de San Vicente de Boqueixón propiedade do demandante (Sr. xxxxx) e a finca número 63 propiedade do demandado (Sr. xxxxx) carecen de marcos que a delimiten e que separe as fincas 62 e 63, téndose que practicar o correspondente deslinde e amolloamento.*

*2º.- Que se condene aos demandados a estar e pasar por tales declaracións e a que consintan a realización do deslinde e amolloamento.*

*3º.- Que se impoñan as costas aos demandados”.*

Con data 15 de novembro de 2011, o Xulgado de Primeira Instancia Número 3 de Santiago, estima a demanda interposta polo Sr. xxxxx e ordear realizar o correspondente deslinde e amolloamento, impoñendo a metade das costas procesais ao concello.

Con data 22 de febreiro de 2012, levántase acta de deslinde e amolloamento.

Con data 10 de setembro de 2015, rexistro de entrada número 15/1751, recíbese no concello, o decreto do Xulgado de Primeira Instancia Número 3 de Santiago de data 4 de setembro de 2015, polo que se aproba a taxación de costas practicada neste proceso por importe de 2.817,84 €, a cuxo pagamento foi condenado o concello de Boqueixón.

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar o pagamento de 2.817,84 € en concepto de custos xudiciais no recurso 2/2012, demandante don José María xxxxx, demandados don José xxxxx e Concello de Boqueixón. Asunto: Deslinde e amolloamento parcelas.

2.- Depositar este importe na correspondente conta bancaria do Xulgado.

## **6. Prórroga contrato do servizo de impartición de clases de inglés**

O día 11 de novembro de 2014, asinouse o contrato para a realización do servizo de impartición de clases de inglés no Concello de Boqueixón coa empresa Piccadilly School of English, SL, por importe de 28 €/ hora lectiva.

A duración do contrato é dun ano sendo prorrogable por outros 3 máis. Segundo o art. 23.2 do TRLCSP, a prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

Polo tanto, ó ser preciso prorrogar o contrato por outro ano máis para que se poida iniciar de novo a impartición da actividade a Xunta de Goberno acorda:

-Prorrogar o contrato asinado coa empresa Piccadilly School of English, SL para a realización do servizo de impartición de clases de inglés un ano máis e nas mesmas condicións que as estipuladas.

-Comunicar este acordo á empresa para que confirme o seu consentimento.

## **7. Aprobación de certificación de obras**

### Obra POS 2015

Con data 21 de agosto, a empresa Hnos. Couto Fandiño,SL presenta no rexistro municipal a certificación núm. 1 e final da obra denominada Camiño igrexa Lestedo a Centro de interpretación e outros, por importe de 127.000,00 euros.

Ese mesmo día, o concello solicita á Deputación da Coruña, a asistencia dun representante dos servizos técnicos para a realización da acta de recepción da obra. O día 26 de agosto a Deputación comunica que o día 3 de setembro acudirá dona Isabel Pena Barca.

Con data 3 de setembro, asínase a acta de recepción da obra, e á vista de que os traballos se executaron correctamente, a Xunta de Goberno acorda:

-Aprobar a certificación núm. 1 e final da obra Camiño igrexa Lestedo a Centro de interpretación e outros, por importe de 127.000,00 euros, incluída no Plan POS 2015.

-Aprobar a factura emitida pola empresa Hnos. Couto Fandiño,SL, adxudicataria da obra, por importe de 127.000,00 euros e con rexistro 12/2015 – 2015/1073 de FACE.

-Facer o pagamento da correspondente factura con cargo á subvención concedida pola Deputación da Coruña

### Obra PAI 2015

Con data 6 de agosto, a empresa Oviga, SL presenta no rexistro municipal a certificación núm. 1 e final da obra denominada Reparación camiño cruce Boqueixón por Maravexas – Santaia- Casaldesuso (Codeso) e outros, por importe de 122.331,54 euros.

O día 10 de agosto, o concello solicita á Deputación da Coruña, a asistencia dun representante dos servizos técnicos para a realización da acta de recepción da obra. O día 27 de agosto a Deputación comunica que o día 3 de setembro acudirá dona Isabel Pena Barca.

Con data 3 de setembro, asínase a acta de recepción da obra, e á vista de que os traballos se executaron correctamente, a Xunta de Goberno acorda:

- Aprobar a certificación núm. 1 e final da obra Reparación camiño cruce Boqueixón por Maravexas – Santaia- Casaldesuso (Codeso) e outros, por importe de 122.331,54 euros, incluída no Plan PAI 2015
- Aprobar a factura emitida pola empresa Oviga, SL adxudicataria da obra, por importe de 122.331,54 euros e con rexistro 12/2015 – 2015/924 de FACE.
- Facer o pagamento da correspondente factura con cargo á subvención concedida pola Deputación da Coruña

## **8. Concesión axuda de emerxencia social**

Apróbase concesión de axuda emerxencia social

## **9. Dar conta da relación de persoas incluídas/excluídas do Programa de alimentos**

- 1º. Apróbase a relación de persoas que manteñen o dereito á prestación de alimentos (23).
2. Apróbase a relación de persoas que perden o dereito á prestación de alimentos por superar ingresos (49).
3. Apróbase a relación de persoas que renunciaron, por escrito, á prestación unha vez se lles comunicou a necesidade de proceder á revisión da súa situación (9).
4. Apróbase a relación de persoas que non presentaron a documentación no prazo indicado, sendo coñecedoras de que a non presentación en prazo supoñía a renuncia aos alimentos (57).
5. Apróbase a relación de persoas que presentaron a documentación de forma incompleta no prazo indicado, e que poderán completala no prazo de 15 días desde que lle sexa comunicado a través da correspondente resolución (3).
6. Notificar o contido deste acordo ás persoas interesadas.

## **10. Concesión de axuda para material escolar**

Con data 3 de setembro de 2015 aprobouse en Xunta de Goberno o contrato de colaboración entre o concello de Boqueixón e SBC Gasolineiras, en virtude do cal esta empresa fixo entrega ao concello de Boqueixón de 3.000,00 € para a adquisición de material escolar que precisen os menores de idade, de familias con menos recursos económicos.



O informe emitido pola traballadora social con data 14 de setembro de 2015 establece a relación inicial de persoas que, previa valoración técnica, son susceptibles de beneficiarse das axudas para material escolar, roupa e calzado, establecidas no contrato de colaboración asinado entre o Concello de Boqueixón e Puntos Bajo Coste, SL (SBC Gasolineras).

Logo de ver o contido do dito informe, a Xunta de Goberno, acorda:

1º Apróbase a relación de persoas susceptibles de beneficiarse das axudas para material escolar, roupa e calzado (11).

2º: Notificar este acordo ás persoas interesadas

## 11. Aprobación facturas

A.- Por unanimidade acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de **48.680,10** euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	PROGR.	ECON.	IMPORTE
1	COMPOSTELA DIGITAL S.L.	MATEMENTO INFORMÁTICO MES DE AGOSTO	920	21600	594,00 €
2	ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.	ASISTENCIA TÉCN.-URBANÍST DE AGOSTO	151	22706	1.917,85 €
3	GRAFICA DE ASTURIAS, S.L.	TALONARIOS PARA VALES	920	22000	77,74 €
4	SOC. EST. CORREOS Y TELEGRAFOS, S.A.	SERVIZO CORREOS MES DE AGOSTO	920	22201	228,00 €
5	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO MÓBILES , FAX E ADSL AGOSTO E REGULARIZACIÓN XULLO	920	22200	603,44 €
6	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEF. ALARMA AGOSTO	920	22200	32,79 €
7	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEF. CENTRALIÑA AGOSTO	920	22200	370,93 €
8	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEF. P. CIVIL AGOSTO	920	22200	28,02 €
9	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEF. CORREOS AGOSTO	920	22200	25,52 €
10	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEF. L. S. LESTEDO AGOSTO	920	22200	33,86 €
<b>TOTAL</b>					<b>3.912,15 €</b>

Aprobación de facturas pendente de pago:

	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	PROGR.	ECON.	IMPORTE
1	ASCENSORES ENOR, S.A.	MANTEMENTO ASCENSORES SETEMBRO	920	21300	76,23 €
2	ATENDO CALIDADE, S.L.	SAD HORAS DEPENDENCIA MES DE AGOSTO	231	22799	22.149,20 €
3	ATENDO CALIDADE, S.L.	SAD LIBRE CONCURRENCIA MES DE AGOSTO	231	22799	2.033,36 €
4	AUTOELECTRICO SERGUDE, S.C.	SUSTITUIR BATERIA 8736GSN	135	21300	126,52 €
5	AUTOELECTRICO SERGUDE, S.C.	INSTALAR SOPORTE SUP. PARA CONTADORES	1621	21300	71,84 €
6	CIDE HCENERGIA, S.A.	CONSUMO ALUM. PÚB. SEGÚN REX. 15/1746	165	22100	802,35 €
7	CIDE HCENERGIA, S.A.	CONSUMO ALUM. PÚB. SEGÚN REX. 15/1747	165	22100	937,97 €
8	CIDE HCENERGIA, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚB. VILA 01/07-31/08	165	22100	74,14 €

9	COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L.	RECOGIDA DE RESIDUOS MES DE XULLO	1623	21200	388,98 €
10	COLLANTES VIEIRO, BENJAMIN	CARPETAS, ETIQUETAS, ESPIRAIS,...	920	22000	185,81 €
11	COLLANTES VIEIRO, BENJAMIN	CARTULINAS, PEGAMENTO, TAPAS ENCUAD,....	920	22000	317,40 €
12	COMPOSTELANA DE GAS 2011, S.L.	GAS PARA PAVILLON/CAMPO DE FUTBOL	342	22102	251,25 €
13	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	50,13 €
14	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	32,10 €
15	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	220,22 €
16	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	138,15 €
17	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	584,71 €
18	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	246,23 €
19	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	120,88 €
20	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	43,68 €
21	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	231,66 €
22	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	45,25 €
23	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	145,08 €
24	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	95,70 €
25	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	38,64 €
26	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	82,84 €
27	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	104,84 €
28	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	26,00 €
29	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	36,88 €
30	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	132,19 €
31	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	47,11 €
32	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	118,92 €
33	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	137,13 €
34	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	857,99 €
35	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	55,34 €
36	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	32,36 €
37	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	3,82 €
38	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	63,91 €
39	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	38,64 €
40	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	112,20 €
41	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	3,11 €
42	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	45,34 €
43	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	184,77 €
44	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	4,54 €
45	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	159,13 €
46	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	287,22 €
47	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	210,04 €
48	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	277,85 €
49	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	2,23 €
50	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	115,76 €
51	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	72,43 €
52	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	155,85 €
53	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	234,52 €
54	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	79,11 €

55	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	24,79 €
56	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	189,11 €
57	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	371,94 €
58	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	214,97 €
59	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	70,24 €
60	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	218,66 €
61	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	124,25 €
62	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	285,75 €
63	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	72,85 €
64	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	159,03 €
65	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	11,07 €
66	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	92,91 €
67	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	84,82 €
68	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	26,45 €
69	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	81,61 €
70	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	43,94 €
71	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	32,46 €
72	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	117,06 €
73	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	38,28 €
74	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	13,35 €
75	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	113,89 €
76	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	24,85 €
77	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	9,81 €
78	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	101,94 €
79	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	145,94 €
80	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	39,02 €
81	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	228,93 €
82	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	12,71 €
83	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	284,47 €
84	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	267,26 €
85	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	59,96 €
86	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	50,05 €
87	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	107,79 €
88	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	24,82 €
89	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	48,61 €
90	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	50,82 €
91	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	76,94 €
92	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	233,51 €
93	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	263,01 €
94	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	337,63 €
95	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	121,69 €
96	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	83,08 €
97	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	99,44 €
98	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	57,51 €
99	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	119,62 €
100	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	5,87 €
101	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	81,69 €

102	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	446,21 €
103	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	107,53 €
104	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	75,06 €
105	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	87,53 €
106	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	168,41 €
107	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	99,62 €
108	GASOLEOS SAN BENITO, S.L.	GASOLINA MAQUINARIA XARDINERIA	171	22103	224,28 €
109	GASOLEOS SAN BENITO, S.L.	GASOLINA MAQUINARIA XARDINERIA	171	22103	286,69 €
110	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	PUBLICIDADE WEB MES DE AGOSTO	432	22602	121,00 €
111	PICCADILLY SCHOOL OF ENGLISH SL	CLASES DE INGLÉS MES DE XULLO	334	22609	336,00 €
112	TALLERES SANCHEZ REY, S.C.	CUCHILLAS DESBROZADORA	163	22111	387,20 €
113	TALLERES SANCHEZ REY, S.C.	REPARACIÓN CAMIÓN MOTOBOMBA	135	21300	209,49 €
114	TALLERES SANCHEZ REY, S.C.	REPARACIÓN TRACTOR E DESBROZADORA	163	21300	1.101,89 €
115	ULLA OIL, S.L.	GASOIL DEPÓSITOS PROTECCIÓN CIVIL	163	22103	2.703,09 €
				<b>TOTAL</b>	<b>44.767,95 €</b>

## 12.Aprobación bases e prezos públicos das actividades incluídas na xanela de outono 2015

Vista a “Ordenanza reguladora dos prezos públicos por servizos ou actividades promovidas polo Concello de Boqueixón nas áreas de cultura, deporte, xuventude e servizos sociais” aprobada no Pleno ordinario do día 14 de marzo de 2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º) Aprobar as seguintes bases para as actividades previstas na programación de outono de 2015

### - Inscricións:

\*As inscricións realizaranse no departamento de cultura ata o **día 25 de setembro** ([cultura@boqueixon.com](mailto:cultura@boqueixon.com)) presentando, xunto coa ficha de inscrición, unha certificación bancaria co nº de conta.

\*Requírese un grupo mínimo de 10 para o inicio das actividades e unha permanencia de alomenos catro meses, agás casos a valorar.

\*No momento que o grupo quede reducido a menos de 10, anularase a actividade.

\*Prazas limitadas con preferencia dos empadroados en Boqueixón.

### - Duración:

\*Do 1 de outubro 2015 ao 31 de maio de 2016 , agás a actividade de inglés que rematará en xuño (última semana).

\*Os días de actividades para escolares coincidirán co calendario escolar e no caso de adultos será de luns a venres, agás festivos.

### - Pagamento:

\*Realizarase bimensual mediante domiciliación bancaria (agás ximnasia de maiores que será un só pago en efectivo nos primeiros quince días do mes de outubro) . En caso de devolución do recibo os gastos bancarios correrán por conta do titular.

### - Descontos/incrementos aplicables:

\*Descontos: 2º fillo: 25% 3º fillo: 50% 4º fillo e sucesivos: de balde

Segunda actividade: 25% Terceira actividade: 50% Sucesivas: gratis

( Entenderase por 1ª actividade a de maior importe e así sucesivamente)

**Estes descontos non serán aplicables aos non empadroados pero sí ao alumnado dos centros educativos do concello.**

\*Aos non empadroados aplicaráselle un incremento dun 30% (agás alumnado dos centros escolares de Boqueixón).

- Baixas:

\*Deberán presentarse por escrito no dpto. de cultura(cultura@boqueixon.com) antes do día 20 do mes anterior.

\*Non se reintegrará ningún importe sen causa debidamente xustificada.

2º) Aprobar os seguintes prezos de escolas culturais e deportivas 2015/2016:

- Ociotecas: 10 €/mes
- Debuxo e pintura: 15 €/mes (non inclúe material)
- Inglés (escolares ata Secundaria): 20 €/mes
- Patinaxe: 10€/mes
- Judo: 15 €/mes
- Inglés ( adultos): 25 €/mes
- Aeróbic: 15 €/mes
- Zumba: 15 €/mes
- Ximnasia de mantemento : 25 €/tempada
- Pilates: 15 €/mes
- Bailoterapia: 8 €/mes

3º) Aprobar os seguintes prezos para actividades puntuais da programación de Outono 2015:

- Rafting polo Deza : 20 €
- Curso de deseño gráfico: 30 €
- Curso de edición de video: 25 €

4º) Publicar estas bases e prezos na axenda cultural e deportiva Xanela de Outono nº 43.

### **13. Xustificación contratación socorrista, tempada 2015**

No Boletín Oficial da Provincia do 16 de febreiro de 2015, saíu publicada a convocatoria “do programa de socorrismo dirixido aos concellos da provincia durante o exercicio 2015”.

Na Xunta de Goberno ordinaria que tivo lugar o día 5 de marzo de 2015 adoptouse o acordo de solicitar dita subvención para a contratación de un socorrista para a piscina municipal na tempada de verán .

Por resolución de Presidencia publicada no BOP 5429,DO 15/05/2015 aprobouse dita subvención polo importe de 3.000 €.

O Concello de Boqueixón programa todos os veráns a apertura da piscina municipal ó público así como unha programación de actividades ( Verán Activo, cursos de natación de nenos e de maiores) para o que é preciso dispor dun socorrista que colabore co persoal municipal garantindo a seguridade e cumprindo a normativa vixente deste tipo de instalacións.

Tendo cumpridos os requisitos necesarios esixidos para a xustificación da subvención da Deputación da Coruña a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar e imputar a seguinte relación clasificada de gastos realizados ao traballador Luis Antonio Bragaña Alvarez, con DNI xxxxx, á subvención concedida pola Deputación da Coruña.

Tipo	Forma de Pago	Total dev.	S.S.	Total gastos
Nómina 25/06/15	Transferencia Bancaria	588'77	200'77	789'54 €
Nómina 25/07/15	Transferencia Bancaria	1.103'94	376'45	1.480'39 €
Nómina 25/08/15	Transferencia bancaria	1.324'73	451'73	1.777'46 €
			<b>TOTAL</b>	<b>4.046'39 €</b>

2.O importe que se xustifica é de 4.046'39 €.

3. Que o gasto xustificado deste xeito presentado, e obxecto da axuda, se reflectiu, na forma preceptiva no Libro de Contabilidade da Entidade segundo o disposto no artigo 14.1 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e no apartado 7.2 das bases reguladoras das convocatorias de subvencións da Deputación.

4. Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización das actividades para a que foi concedida neste caso a contratación dun socorrista.

5. Aprobar a memoria xustificativa da actividade realizada.

6. Que para o mesmo obxecto non se obtiveron subvencións ou calquera outra fonte de financiamento, de calquera outra entidade tanto pública ou privada.

7. Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización das actividades (contratación de un socorrista) para as que foi concedida.

#### **14. Recoñecemento de trienios**

Ana Beatriz Díaz Míguez, con NIF xxxxx, funcionaria do grupo A1  
Adela Lamela Arteaga, con NIF xxxxx, funcionaria do grupo C1  
Ricardo José Romero Pérez, con NIF xxxxx, persoal laboral fixo do grupo C2  
José Luis García Couto, con NIF xxxxx, persoal laboral fixo do grupo AP  
Eugenio Fernández Vieites, con NIF xxxxx, persoal laboral fixo do grupo C2  
Elías Rodeiro Tato, con NIF xxxxx, persoal laboral fixo do grupo C2  
Cristina Carbanales Nouriño, con NIF xxxxx, persoal eventual do grupo A1  
José Manuel Barrio Pérez, con NIF xxxxx, persoal eventual do grupo AP  
Pascual Villaverde Núñez, con NIF xxxxx, persoal eventual do grupo C2  
Teresa Castro Blanco, con NIF xxxxx, persoal eventual do grupo C2  
Lucía Veleiro Ferreiro, con NIF xxxxx, persoal eventual do grupo A1  
María Cruz Ferreiro Sanín, con NIF xxxxx, persoal eventual do grupo A1

SOLICITAN:

Ana Beatriz Díaz Míguez o recoñecemento ao sétimo trienio do grupo A1, con efectos económicos a partires do día 1 de agosto de 2016, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

Adela Lamela Arteaga o recoñecemento ao sexto trienio do grupo C1, con efectos económicos a partires do día 1 de xullo de 2016, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

Ricardo José Romero Pérez o recoñecemento ao sétimo trienio do grupo C2, con efectos económicos a partires do día 1 de decembro de 2016, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

José Luís García Couto o recoñecemento ao sétimo trienio do grupo AP, con efectos económicos a partires do día 1 de xaneiro de 2016, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

Eugenio Fernández Vieites o recoñecemento ao noveno trienio do grupo C2, con efectos económicos a partires do día 1 de outubro de 2016, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

Elías Rodeiro Tato o recoñecemento ao sexto trienio do grupo C2, con efectos económicos a partires do día 1 de outubro de 2016, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

Cristina Carbajales Nouriño o recoñecemento ao terceiro trienio do grupo A1, con efectos económicos a partires do día 1 de xaneiro de 2016, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

José Manuel Barrio Pérez o recoñecemento ao quinto trienio do grupo AP, con efectos económicos a partires do día 1 de xaneiro de 2016, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

Pascual Villaverde Núñez o recoñecemento ao cuarto trienio do grupo C2, con efectos económicos a partires do día 1 de xullo de 2016, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

Teresa Castro Blanco o recoñecemento ao segundo trienio do grupo C2, con efectos económicos a partires do día 1 de xaneiro de 2016, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

Lucía Veleiro Ferreiro o recoñecemento ao segundo trienio do grupo A1, con efectos económicos a partires do día 1 de xaneiro de 2016, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

María Cruz Ferreiro Sanín o recoñecemento ao terceiro trienio do grupo A1, con efectos económicos a partires do día 1 de xaneiro de 2016, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Recoñecer a dona Ana Beatriz Díaz Míguez o recoñecemento ao sétimo trienio do grupo A1, con efectos económicos a partires do día 1 de agosto de 2016, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
2. Recoñecer a dona Adela Lamela Arteaga o recoñecemento ao sexto trienio do grupo C1, con efectos económicos a partires do día 1 de xullo de 2016, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
3. Recoñecer a don Ricardo José Romero Pérez o recoñecemento ao sétimo trienio do grupo C2, con efectos económicos a partires do día 1 de decembro de 2016, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
4. Recoñecer a don José Luís García Couto o recoñecemento ao sétimo trienio do grupo AP, con efectos económicos a partires do día 1 de xaneiro de 2016, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
5. Recoñecer a don Eugenio Fernández Vieites o recoñecemento ao noveno trienio do grupo C2, con efectos económicos a partires do día 1 de outubro de 2016, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
6. Recoñecer a don Elías Rodeiro Tato o recoñecemento ao sexto trienio do grupo C2, con efectos económicos a partires do día 1 de outubro de 2016, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
7. Recoñecer a dona Cristina Carbajales Nouriño o recoñecemento ao terceiro trienio do grupo A1, con efectos económicos a partires do día 1 de xaneiro de 2016, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
8. Recoñecer a don José Manuel Barrio Pérez o recoñecemento ao quinto trienio do grupo AP, con efectos económicos a partires do día 1 de xaneiro de 2016, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
9. Recoñecer a don Pascual Villaverde Núñez o recoñecemento ao cuarto trienio do grupo C2, con efectos económicos a partires do día 1 de xullo de 2016, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
10. Recoñecer a dona Teresa Castro Blanco o recoñecemento ao segundo trienio do grupo C2, con efectos económicos a partires do día 1 de xaneiro de 2016, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
11. Recoñecer a dona Lucía Veleiro Ferreiro o recoñecemento ao segundo trienio do grupo A1, con efectos económicos a partires do día 1 de xaneiro de 2016, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
12. Recoñecer a dona María Cruz Ferreiro Sanín o recoñecemento ao terceiro trienio do grupo A1, con efectos económicos a partires do día 1 de xaneiro de 2016, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.



## **15. Arquivo expediente de limpeza da parcela número 84, lugar de Donas**

O 9 de xullo do 2015 co número de entrada 15/1389, don Victoriano xxxxx, con domicilio en Donas número 8, presenta escrito solicitando que se proceda coa limpeza da parcela número 84 do lugar de Donas, que se encontra en situación de insalubridade, por levar varios anos sen limpar.

Manifesta igualmente don Victoriano xxxxx que a citada leira é propiedade de dona Dolores xxxxx. Dita propietaria atópase tutelada pola FUNGA, Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas, sendo dito órgano tutor quen debe proceder coa limpeza da parcela en nome da persoa tutelada.

Por Resolución da alcaldía de 10 de xullo do 2015 resolveuse requirir á FUNGA, Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas, entidade titora da propietaria dona Dolores xxxxx, para que procedese en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza, na leira número 84 do lugar de Donas.

Dita fundación recibiu a notificación de requirimento o 14 de xullo do 2015. Non presentaron alegacións.

Feita inspección técnica o día 15 de setembro de 2015 compróbase que “ A parcela número 84 e con referencia catastral (-15012A03800084), do lugar de San Pedro de Donas, atópase totalmente limpa de maleza, non existindo polo tanto situación de insalubridade.

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas, entidade titora da propietaria da parcela dona Dolores xxxxx, por proceder a mesma cos traballos de limpeza da maleza da parcela número 84, referencia catastral número: 15012A03800084, do lugar de San Pedro de Donas
2. Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de insalubridade / incendio.
3. Comunicar o acordo ós interesados.

## **16. Inicio execución subsidiaria de limpeza nas leiras número 501 e 503, polígono 47, do lugar de Rebordaos**

### Antecedentes

O 14 de xullo do 2015 co número de entrada 15/1418, don Alfonso xxxxx, con domicilio en Rebordaos, presenta escrito solicitando a limpeza das leiras de monte, número 501, polígono 47, propiedade de don Jesús xxxxx e a número 503, polígono 47, propiedade de herdeiros de xxxxx, por estar con maleza e con arboredo que non cumpren coas distancias esixidas na normativa actual de prevención de riscos forestais.

Por decreto da alcaldía de data 24 de xullo de 2015 resolveuse requirir ós propietarios das leiras de monte número 501, polígono 47, propiedade de don Jesús xxxxx e a número 503, polígono 47, propiedade de herdeiros de xxxxx, para que procedesen en prazo de 15 días

naturais a executar os traballos de limpeza de maleza das leiras ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais respecto da vivenda de don Alfonso xxxxx e cortar o arboredo ata gardar unha distancia respecto da vivenda de 30 metros no caso de piñeiros e eucaliptos e de 15 metros no caso de frondosas: carballos respecto da vivenda de don Alfonso xxxxx. Ademais sinálaselles que en caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.

Déuselles trámite de audiencia ós citados propietarios para que en prazo de 10 días hábiles formulasen alegacións ou presentasen documentación oportuna.

Don Jesús xxxxx, propietario da leira número 501, recibiu a notificación do requirimento o 29 de xullo do 2015.

Non presentou alegacións en prazo.

Os herdeiros de xxxxx, recibiron a notificación do requirimento o 29 de xullo do 2015.

Non presentaron alegacións en prazo.

Feita segunda inspección polo técnico municipal o 4 de setembro de 2015, no lugar de Rebordaos, compróbase “*que existen dúas leiras dedicadas a monte preto da vivenda de don Alfonso xxxxx.*”

*A leira número 501, polígono 47, ten maleza e piñeiros. Desde a casa do denunciante ó citada biomasa vexetal existe unha distancia de 12 metros.*

*A leira número 503, polígono 47, ten maleza, carballetes e un carballo que está a 14 metros de distancia da casa.*

*Desde a casa do denunciante á citada biomasa vexetal existe unha distancia de 8 metros.*

*Non se respectan as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de prevención de riscos forestais modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia”.*

### Consideracións xurídicas

O artigo 9.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificado pola Lei 2/2010, do 25 de marzo do solo de Galicia sinala que “Os propietarios de terras conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga”.

O artigo 199.2 da citada Lei 9/2002 di que “Os concellos ordenarán, de oficio ou a instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e previa audiencia aos interesados, a execución das obras precisas para conservar aquelas nas condicións, coa indicación do prazo de realización”.

O artigo 1 da Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais sinala que “Esta lei ten por obxecto defender os monte ou terreos forestais fronte aos incendios e PROTEXER ÁS PERSOAS E OS BENS por eles afectados.”

- O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei,**

xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, mimosas, acacias eucaliptos, queirugas, carqueixas, xestas, fentos, silvas e toxos ).

As especies arbóreas sinaladas no anexo I da Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, como os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais, deberán gardar unha distancia de 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural ).

As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

- O artigo 22.4 da Lei 3/2007 sinala que “no caso de execución subsidiaria, as persoas responsables, segundo o disposto no artigo 21 ter, están obrigadas a facilitarlles os necesarios accesos ás entidades responsables dos traballos de xestión da biomasa, que non requirirán de ningunha autorización para a execucións subsidiaria da xestión da biomasa nas redes de faixas de xestión”.

O artigo 98 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro , regula a execución subsidiaria dos actos que poidan ser realizados por suxeito distinto do obrigado e sobre o seu custo.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1.A) Iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder coa limpeza de maleza e corta na leira número 501, polígono 47, do lugar de Rebordaos, propiedade de don Jesús xxxxx, ata gardar as distancias sinaladas no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Comunicar que os traballos de execución subsidiaria de limpeza de maleza e corta de piñeiros ascenden a un total de **280 euros**, que terán que ser **aboados polo propietario** da leira número 501, polígono 47, do lugar de Rebordaos, don Jesús xxxxx.

B) Iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder coa limpeza de maleza e corta na leira número 503, polígono 47, do lugar de Rebordaos, propiedade de herdeiros de

xxxxx, ata gardar as distancias sinaladas no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Comunicar que os traballos de execución subsidiaria de limpeza de maleza e corta de carballetes e un carballo ascenden a un total de **280 euros**, que terán que ser **aboados polos propietarios** da leira número 503, polígono 47, do lugar de Rebordaos, herdeiros de xxxxxx.

2. Dar trámite de audiencia ós propietarios citados, para que procedan, no seu caso, a presentar as alegacións que estime pertinentes en relación co inicio de execución subsidiaria.

### **17. Requirimento de documentación en relación co recurso de reposición presentado por don Jesús xxxxx**

Visto o recurso de reposición presentado por don Jesús xxxxx con data 24 de agosto de 2015 e tendo en conta que non indica o acto recorrido nin se deduce da exposición do mesmo .

Consecuentemente, descoñecendo o Concello se o obxecto do recurso é o acordo de data 11 de abril de 2012 no que se iniciaba o expediente da reposición da legalidade ou se é o acordo da xunta de goberno de data 21 de xullo de 2015 pola que se procedía coa legalización da obra propiedade de dona María del Carmen xxxxx.

Por outro lado, en canto ao informe de augas de Galicia de data de 27 de maio do 2014, ao que o sr. xxxxx fai alusión no punto número CUARTO da alegación, no concello de Boqueixón non temos constancia de dito informe en relación con este expediente tramitado e resolto neste ano 2015.

Polo que, a Xunta de goberno acorda:

**PRIMEIRO.-** Requerir a don Jesús xxxxx para que, ós efectos de dar resposta ao recurso de reposición presentado perante este órgano con data de 24 de agosto de 2015 (Entrada 131204 / RX 1619929), proceda a:

ESPECIFICAR con detalle cal é o obxecto do seu recurso, é dicir, cal é o acto do Concello sobre o que se interpón o recurso potestativo de reposición, e

APORTAR copia do Informe de 27 de maio de 2014 de Augas de Galicia, do que se fai mención no apartado CUARTO dos fundamentos do recurso.

**SEGUNDO.-** Comunicar este acordo ao sr. xxxxx aos efectos que estime procedentes.

### **18. Aprobación bases da 3ª edición do concurso de fotografía “Paisaxes de Boqueixón”**

A Biblioteca Municipal de Boqueixón, coa finalidade de fomentar a creatividade e dar a coñecer ao público en xeral a diversidade e riqueza histórica, cultural, etnográfica e paisaxística do concello convoca a 3ª edición do Concurso de Fotografía “**Paisaxes de Boqueixón**”, polo que a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar as bases deste Concurso que serán as seguintes:

1. Participantes e número de fotografías

Poderán participar no concurso toda persoa física que o desexe e cumpra as presentes bases. Cada participante poderá presentar ata un máximo de tres fotografías.

2. Temática

As fotografías versarán sobre aspectos que reflicten a riqueza histórica, cultural, etnográfica e paisaxística do noso concello, debendo estar tomadas, polo tanto, dentro do territorio do concello de Boqueixón.

3. Premios

Entre as fotografías presentadas seleccionaranse doce, e destas, elixiranse as tres gañadoras do concurso. Os premios consistirán en:

Primeiro premio: REPRODUTOR BLU-RAY 3D

Segundo premio: TABLET

Terceiro premio: REPRODUTOR MP4

As doce fotografías seleccionadas pasarán a ser propiedade do concello de Boqueixón, que se reservará todos os dereitos para o seu emprego, reprodución, e difusión, facendo mención da súa autoría. Estas obras serán publicadas no **calendario do 2016** que edita o concello.

4. Forma de presentación e prazo

1. As fotografías presentaranse en papel fotográfico sen ningún tipo de soporte, en branco e negro ou en cor e cun tamaño **24 x 33 cm. (apaisado)**.
2. Cada fotografía presentarase en sobre pechado e ao dorso de cada fotografía farase constar o **título da obra, o nome completo do seu autor/-a e o nome do lugar onde foi tomada**. Dentro do mesmo sobre e en folla aparte, farase constar o título da fotografía, nome e apelidos do autor/-a, data de nacemento, enderezo e teléfono. O autor/-a das fotografías asume calquera responsabilidade derivada da aparición de persoas recoñecibles na mesma.
3. O prazo de presentación dos traballos remata o **9 de novembro de 2015**.
4. As obras poderán presentarse:
  1. En persoa na biblioteca municipal do concello (Casa do Concello.-Forte, s/n, 15881-Boqueixón), en horario de 09:00 a 14:30 h.
  2. Por correo ordinario (non se admiten traballos enviados por fax nin correo electrónico) no mesmo enderezo.

5. Xurado, fallo e entrega de premios

Un xurado determinado polo concello de Boqueixón revisará as fotografías e fará público o seu fallo o día **16 de novembro**, a través do taboleiro de anuncios do concello, da páxina web ([www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)) e individualmente aos doce autores/-as seleccionados e aos tres premiados/-as. Este fallo será inapelable.

Os premios recolleranse na casa do concello na última semana do mes de novembro, á vez que os doce seleccionados/-as deberán entregar ao concello a fotografía en **soporte dixital**, en calquera formato e cunha calidade non inferior a **5 megapíxeles**.

6. Devolución dos traballos non seleccionados

As fotografías non seleccionadas poderán recollese durante o mes de decembro na biblioteca municipal. Transcorrido este período, o concello poderá dispoñer delas libremente, sen que se lle poda esixir responsabilidade algunha.

7. Aceptación das bases

A organización reservase a facultade de resolver calquera continxencia non prevista nas bases. A concorrencia a este concurso implica a aceptación das presentes bases.

2.- Dispoñer o concello dos fondos necesarios (300 € IVE incluído) para facer fronte ao custo dos premios.

**19 - Rogos e preguntas**

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria

A secretaria – interventora

Visto e prace  
O alcalde